



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTA DA SESIÓN TELEMÁTICA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2020

Sendo as 12:00 horas do día 2 de xullo de 2021, en sesión telemática celebrada mediante audioconferencia consonte coa previsión contida na Base 5ª, apartado 6, das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021), reúnense os membros do Tribunal de selección consonte coa composición determinada na Resolución de Alcaldía núm. 625/2021, do 31 de maio (BOP núm. 102 do 02.06.2021) e convocados pola mesma, que a continuación se relacionan:

Presidenta: Laura Gutierrez Ortíz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Vogais:

Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso)
Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda)
Gema Vázquez López (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Abegondo)

Secretaria: Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existe quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe. A xuntanza ten por obxecto estudar as solicitudes de revisión presentadas e que a continuación se relacionan, con indicación de nome e apelidos e número e data de rexistro de entrada:

| Apelidos e nome | Núm rexistro | Data |
|-------------------------|-----------------|------------|
| Fraga Pazos, Cristina | 202199900002040 | 30/06/2021 |
| Vilaboa Fandiño, Delia | 202190000000727 | 01/07/2021 |
| Muñiz García, Graciela | 202199900002053 | 01/07/2021 |
| Escariz Camoira, Álvaro | 202199900002059 | 01/07/2021 |

Polo Tribunal revísanse os exames correspondentes ás persoas aspirantes que teñen solicitado revisión, segundo consta no Anexo I á presente acta, co seguinte resultado:

1º. Fraga Pazos, Cristina

O Tribunal logo da revisión do exame da peticionaria, reitérase na puntuación outorgada na corrección do pasado día 28 de xuño de 2021.

2º. Vilaboa Fandiño, Delia

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

A aspirante incumpriu as normas do exame para garantir o anonimato dos aspirantes, explicadas antes do inicio da proba, e absolutamente coincidentes coas dadas na celebración do primeiro exercicio da oposición.

Non existe obriga do Tribunal en proporcionar as normas por escrito, sempre que se dean dun xeito claro e igual para todos os aspirantes. A aspirante asinou o seu exame, incumprindo polo tanto a esixencia do artigo 4.c) do Real decreto 891/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local (de aplicación a este proceso como ademáis se recolle na base 15ª das bases xerais) e que é unha manifestación do principio de imparcialidade, ao que deben axustarse os órganos de selección (artigo 60.1 do TRLEBEP). O citado artigo establece de modo expreso: « c) *As probas de aptitude ou de coñecementos a superar, con determinación do seu número e natureza. En todo caso, un dos exercicios obrigatorios deberá ter carácter práctico.*

As da fase de oposición terán carácter eliminatorio e na realización dos exercicios escritos deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes».

E reiterada xurisprudencia do Tribunal Supremo, entre outras, en sentenzas do 19.01.2009, 08.07.2015 ou 26.09.2017; na primeira delas, o TS sinala que a garantía da igualdade no acceso á función pública, así como da imparcialidade e obxectividade que debe gardar toda actuación da Administración nos procesos selectivos asegúrase impedindo que os exercicios conteñan a identidade dos aspirantes. Por tanto, afirma que *“a aplicación correcta das bases esixía que o primeiro exercicio da oposición fixése asegurando que, á hora de corrixilo, non constase nas follas de respostas aos cuestionarios a identidade do aspirante ao que correspondía. Esta esixencia non é allea a aqueles artigos do texto fundamental e, aínda que se mira, tampouco ás bases da convocatoria pois, aínda que nada din de como debía levar a cabo materialmente a proba, si marcan a diferenza entre a primeira e a segunda (...) Agora ben, o silencio respecto a como tiña que facerse a primeira non autorizaba a que se realizase sen aseguralo”(,,,) A garantía da igualdade no acceso á función pública e da imparcialidade e obxectividade na actuación da Administración nos procesos selectivos asegúrase, en casos como estes, evitando que os exercicios conteñan a identidade dos aspirantes. A correcta interpretación das bases, á luz dos criterios constitucionais sinalados, levaba necesariamente e sen dificultade a esa conclusión”*

Polo tanto, o Tribunal, por unanimidade, reiterase na puntuación outorgada.

3º. Muñiz García, Graciela

O Tribunal logo da revisión do exame da peticionaria, reitérase na puntuación outorgada na corrección do pasado día 28 de xuño de 2021.

4º. Escariz Camoira, Álvaro

O Tribunal logo da revisión do exame da peticionaria, reitérase na puntuación outorgada na corrección do pasado día 28 de xuño de 2021.

En canto ás explicacións solicitadas sobre a celeridade na corrección do segundo exame da oposición, informámoslle de que foi debido á eficacia e profesionalidade deste Tribunal de selección, composto por integrantes cunha ampla experiencia en procesos de selección de empregados públicos nas distintas administracións públicas. Tódolos exercicios léronse integramente e puntuaronse consonte o disposto na base 8ª das específicas do proceso de selección (BOP núm. 49 do 15.03.2021), no segundo exercicio, que establece: *“Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima”*



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Deseguido, procédese á determinación do 3º exercicio da oposición. Incorporárase á presente acta o exame asinado en papel por tódolos membros do Tribunal.

Como normas de execución do terceiro exercicio sinálasen as seguintes:

- Empregarase bolígrafo azul ou negro para a realización da proba
- Deberán apagarse e guardarse os teléfonos móbiles antes de iniciar a proba
- A proba garantiza o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deberán cubrir un folio que se lles entregará nun sobre pequeno, no que figura un número, cos seus datos personais. Ese folio, introducirase unha vez cuberto e asinado, no sobre pequeno que guardárase pechado dentro do sobre grande, xunto co exame. No exame so poden poñer o número asinado SEN ningún outro tipo de marca nin dato, senón serán excluídos do proceso.
- Deberáanse cumprir as medidas de prevención do COVID-19 sinaladas na Resolución da alcaldía núm. 625/2021, do 31 de maio, publicadas no BOP núm. 102 do 02.06.2021.
- Os aspirantes poderán acudir provistos de normativa en formato papel sen comentarios e sen que poidan acompañarse de libros de formularios ou manuais. Valorarase neste exercicio o coñecemento da normativa e resolución dos problemas prácticos planteados así como a capacidade de redacción e síntese, a claridade, orde das ideas, e a facilidade de exposición escrita.

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal e considerándose como lugar de sinaturas aos efectos oportunos o Concello de Bergondo e como data de sinatura a realizada de forma electrónica en último termo. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os/as Vogais

A secretaria